

MANUEL PARDO DE ANDRADE: OS ROGOS DUN GALEGO (1813)

MPA2(13)

[M. Pardo de Andrade] (1813): *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrires os ollos sobre certas ñorancias, e o demais que vera o curioso lector*. Coruña: á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. En la caja tipográfica del Diario. Pódese consultar un exemplar desta primeira edición na biblioteca da Fundación Penzol de Vigo (C - 8 / 19), do que hai unha fotocopia depositada na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (GA.FOLL - 3/8). Na biblioteca da Real Academia Galega consérvase un exemplar incompleto de 1813, que ten as páxinas 3, 4, 7 e 8 e unha folla solta (Fondo Martínez Morás, R. 21626).

Os *Rogos* coñeceron despois de 1813 diversas edicións. Antonio Odriozola, en 1979 (*Faro de Vigo*, 17/05/1979), chegou a consignar sete incluíndo a primeira. As cidades, as imprentas e os anos de edición que este investigador sinalou daquela foron os seguintes:

1. Coruña: á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. En la caja tipográfica del Diario, 1813.
2. Cádiz: Diario Mercantil de Cádiz, nº 129, 1813.
3. Santiago: Oficina de D. Manuel Antonio Rey, 1813.
4. Santiago: Oficina de Rey, Gratis por D. Sinfiriano López, 1813.
5. Madrid: Imprenta de la Compañía, por su Regente Juan José Sigüenza y Vera, 1813.
6. Texto en castellano. Madrid: Imprenta de la calle de la Greda, 1820.
7. Coruña: Imprenta de Sebastián Iguereta, 1841.

Para esta nosa edición ativémonos á primeira edición de 1813 (aparecida na Coruña, “en la caja tipográfica del Diario”), mais indicamos tamén as principais variantes que presenta a sétima: *Rogos de un escolar gallego a Virxê do Bo Acerto para que libre a terra da Inquisicion*. Reimpresos en La Coruña: Imprenta de Iguereta, 1841 (IG). Desta edición de 1841 manexamos un exemplar que está depositado na biblioteca da Real Academia Galega (Fondo Martínez Morás, código 02.14.5.03.3).

Entre os papeis de Andrés Martínez Salazar que se custodian na Real Academia Galega están unhas probas de imprenta de obras de autores e épocas diversos que invitan a pensar que o editor coruñés debeu de traballar na preparación dunha colectánea de textos escritos en idioma galego que nunca chegou a

publicar. Entre estas probas de imprenta figuran as dos *Rogos d'un gallego*, tomados da súa terceira ou cuarta edición (Fondo Martínez Morás, signatura 318/14).

Cf. tamén Iglesia (1886: I, 197-202), Álvarez Blázquez (1956: II, 314-317), Pardo de Andrade (1971) e Garcia Negro / Gómez Sánchez (1996: 39-42).

AUTOR E CIRCUNSTANCIAS

Aínda que Pardo de Andrade imprime a súa composición no ano 1813, debeuna redactar en 1812, en plena disputa sobre a conveniencia de suprimir a Inquisición. A supresión da Inquisición decretárona as Cortes o 5 de xaneiro de 1813. Consta que Pardo de Andrade lía as súas estrofas aos paisanos nas tabernas, aproveitando que viñan a Santiago á feira dos xoves.

Os *Rogos* foron prohibidos polo arcebispo de Santiago o 29 de maio de 1813, pola Inquisición española, xa reconstituída, o 18 de xullo de 1815 e pola Inquisición de Galicia o 15 de marzo de 1817. Cando o Goberno designou a Pardo de Andrade, o 16 de xullo de 1813, como membro da Xunta de Censura de Galicia, os xornais absolutistas, escandalizados, afirmaban que o seu nomeamento como censor era como meter a raposa no galiñeiro.

- 1 OS ROGOS / D'UN GALLEGO / ESTABLECIDO EN LONDRES,
DEDICADOS OS SEUS PAYSANOS PARA / ABRIRLLES OS OLLOS SOBRE
CERTAS IÑORANCIAS, E O DEMAIS / QUE VERA O CURIOSO LECTOR.

<1> *Rogos dun escolar à virxe do bò acerto para que libre à terra dà Inquisicion*¹.

- 5 *Non omnis caro eadem caro, sed alia caro hominum, alia volucrum, alia piscium.*

1. IG *ROGOS DE UN ESCOLAR gallego A VIRXÊ DO BO ACERTO PARA QUE LIBRE A TERRA DA INQUISICION*. A seguir, na páxina 3, introduciuse esta nota en IG: "El autor de estos Rogos [no orixinal, *Rocos*] fue un respetable eclesiástico, bien conocido en este país por sus luminosos escritos: los publicó por primera vez en el año de 1813; se imprimieron diez mil ejemplares que se despacharon en el mismo año; el año de 1820 se reimprimieron otros diez mil ejemplares, de los cuales no hay ya ninguno en venta, y sí varios pedidos, por lo que se hace esta nueva edición, que se hallará en las principales librerías."

PAXAROS, PEIXES² E HOMES
 DE DISTINTA CASTA SON:
 AQUELES³ COMENSE ASADOS,
 PERO OS RACIONALES NON⁴.

10 ROGOS⁵

- | | | |
|--|----|---|
| <p><1a> Miña virxe⁶, vos que sodes
 madre de consolacion,
 libradenos dos nubeiros⁷
 da maldita Inquisicion.</p> | 30 | <p>Cristo morreu por salvarnos,
 e mente como un ladron
 o tramoyeiro que diga
 que o voso fillo a fundou.</p> |
| <p>15 Da Inquisicion, que de medo
 de espías e de visióis
 encheu a terra, e de luito
 cubreu a casa de Dios.</p> | | <p>Dios fixo para os ruís
 o Inferno, e o Ceo criou
 para os bos: esto è verdade,
 o demais e ua⁸ invencion.</p> |
| <p>20 Libradenos, virxe Santa,
 poisque sempre o pecadore
 achou na vosa bondade
 madre, amparo e proteccion.</p> | 35 | <p>O mundo en arrendamento
 pola vida Dios nos dóu
 para ganar coas obras
 a Groria ou a perdicion.</p> |
| <p>25 Dadelles pois bon acerto
 a ós homes bos, que xuntou
 a España, para formar
 a súa lexislacion.</p> | 40 | <p><1b> Os pecados desta vida
 seran na outra de Dios
 castigados; pois Dios solo
 ten esta xurisdicion.</p> |

2. IG PAXÀROS, PEIXÈS.

3. IG AQUELLES.

4. IG PERO ¿OS RACIONALES? NON.

5. Falta en IG.

6. IG Virxê. IG representa por <x^> o fonema fricativo prepalatal xordo. De aquí en diante non sinalaremos xa esta variante gráfica.

7. IG nuveiros.

8. IG un-a.

45	Para absolvernos de culpas Christo a S. ⁹ Pedro lla dou, non para poñer no espeto os homes, como capos.	70	<2a> Vivamos ben, e teñamos do proximo ¹² compasion, que Dios e aquel que ilumina, e que move os corazos.
50	Os Demos son os ministros, que o noso Dios destinou para [q]uentar ¹⁰ as caldeiras nas cabernas de Pratón ¹¹ .	75	A xente vive na ley que eredou de seus abos: o Mouro a sua, e o Gallego xuzga que a sua e millor.
55	Vayan pois a cocñar ao Inferno aqueles que son tostadores, que ali poden ter praza de Marmitôs.	80	Demos pois, xa que nacemos no seo da relixion verdadeira, muitas gracias a cristo noso señor, O irexe tan solo ofende a Dios: a nosoutros non: ¿porque logo lle quitamos a Dios a xurisdicion?
60	Cristo na cruz... ¡miña xoya! brinda e chama ao pecador cos brazos abertos, mentras o persigue a Inquisicion.	85	Non é o home burel gordo, que con tundilo e millor; a os homes mudaos o tempo, e convenceos a razon.
65	E a ley de Xesucristo ley de carida, e amore; debemos aconsellarnos, mais non facernos traicion.	90	¡Chamuscar a os homes vivos en este mundo! ¡meu Dios! ¡ay que xudiada! non pode inventarse outra peor. Se ¹³ os xudios nos queimaran, inda pase, porque Dios mandanos que perdonemos a os que nos fagan traicion.

9. IG *Cristo á San*.

10. Na 1ª ed., *cuentar*; IG *quentar*.

11. Na 1ª ed., *pratón*, co acento borroso; IG *Prutón*.

12. IG *projimo*.

13. IG *Si*.

- ¿Pero que nos os queimemos,
e iles a nosoutros non?
inda somos mais xudios,
que os mesmos xudios son.
- 95 O voso fillo bendito
no que fixo e predicou,
enseñounos o camiño
da paz e da salvacion.
- Quer, que todos nos amemos,
100 e imitemos o candor
dos paxariños¹⁴: non quer
ruindades nin opresios.
- A os xilgariños garridos
as aves de outro color
105 non lles fan mal: as rapinas¹⁵
simbolo do deño¹⁶ son.
- Os Marrocos e os Ingreses
non teñen Inquisicion
con ser irexes e Mouros:
110 ¿e debemos tela nós?
- Ala solo entre indios bravos
<2b> xente, que o sol da razon
- non alumou todavia,
queimanse por devocion.
- 115 Mais, segun rezan os libros,
os seus sacerdotes son
us notorios tramuyeiros,
e ladros de profesion.
- A iglesia de Xesucristo
120 e a casa da salvacion;
non e tempro de xentis,
nin e cova de ladrós.
- Purificadea, señora,
tocando no corazon
125 dos españoles que cuidan
da ley, e da religion¹⁷.
- Volo¹⁸ rogo muy de veras¹⁹:
e feita a miña oracion:
a o chamado santo oficio²⁰
130 quitarlle a mascara vou.
- O SANTO OFICIO SIN CARANTOÑA
- O Demo para tentar
no deserto a o salvador,
puxose a mascara, e quixo
135 enganar²¹ a o mesmo Dios:

14. IG *paxairiños*.15. IG *rapañas*.16. IG *demo*.17. IG *relixion*.18. IG *Voslo*.19. IG *deveras*.20. IG *santo oficio* con letra itálica.21. IG *ingañar*.

Pois asi baixo pretesto
de piedade e religion²²
o uficio²³ dos tostadores
santo uficio²⁴ se chamóu.

140 A mascara e pois o santo;
o uficio²⁵ e facer carbon
dos homes, que son imaxe
do grande Dios que os criou.

145 Chamouse santo, decindo
que era santo, e que era bo,
purgar a igresia có fogo
da pravedade e do error.

150 Mais como Dios reservase
facer á separacion
no outro mundo²⁶, e non en este,
toda a cristianda tembrou.

155 Pero, como van as leyes
<3a> adonde²⁷ quer o señor
Rey que nos manda, tuvemos
que aguantar a Inquisici[o]n²⁸.

Oxi²⁹ que a sorte trocouse,
e dá leyes a nacion,
podemoslle ver a cara
ao³⁰ tribunal do terror.

160 Veremos a pravedade;
as fantasmas, as visióis,
que aquel bribon de Luceiro
fixo sobre ascuas carbon.

165 Mascara fora: vexamos
os feitos, e as invencios
do chamado santo uficio³¹
po los nosos bisabós.

170 Meigas, feitizos e bruxas
que persigue a Inquisicion,
sin mascara, socaliñas
de cregos e frades son.

175 Chamanlles bruxas à ás³² vellas
por ter cara de carton;
pero solamente hay meygas³³
en donde hay Inquisicion.

22. IG *relixion*.

23. IG *u oficio*.

24. IG *oficio*.

25. IG *oficio*.

26. IG *mundo*.

27. IG *a donde*.

28. Na 1ª ed., *Inquisicien*; IG *Inquisicion*.

29. IG *Oxê*.

30. IG *a o*.

31. IG *santo oficio* con letra itálica.

32. Borroso o acento de *ás* na 1ª ed.

33. IG *meigas*.

- As femias da nosa especie
de certa constitucion
fan visaxes, e son tolas,
pero feitizeiras non.
- 180 E se as ay, que diga Inguanzo,
Cañedo e o outro Burrol,
donde hay ua, a fin que embruxe
ao perverso Napoleon³⁴.
- O feitizo está nos ollos
185 dua³⁵ nena de Padron:
as nenas tamen feitizan
à os cregos da inquisicion.
- Garridiñas, nos chegedes
a os que manexan tizós,
190 que a estopa cabe do fogo
e vos ua tentacion.
- As feas non teñan medo,
poisque, sendo feas, son
parentas d[o]³⁶ santo uficio³⁷
195 traído en comparacion.
- Còa mascara, xia se vé,
parece un santo varon:
- <3b> pero sin ela parece:
o mesmo Demo mayor:
- 200 E inda contan, que ua³⁸ uez
que a un espello se mirou
o Demo dixo: é mais fea
do que eu son, a Inquisicion.
- Ela mora nua³⁹ casa
205 en donde contra razon
e xusticia a os homes privan
da vida, e do mesmo Dios.
- Ali faise un tribunal
adonde un xudas traidor
210 vai vender a seus irmàs
con capa de relixion.
- Tres corvos, ou nigromantes,
cuas⁴⁰ caras de Neròs
son os xueces que compoñen
215 o tribunal do terror.
- Cuberta de pano mouro
está toda ao rededor
a⁴¹ gran sala de xusticia,
que vela, causa pavor.

34. Esta estrofa falta en IG.

35. IG *dun-a*.36. Na 1ª ed., *da*; IG *do*.37. IG *oficio*.38. IG *un-a*.39. IG *nun-a*.40. IG *coas*.41. IG *la*.

- 220 Uas⁴² candéas marelas
 có seu palido fulgor
 fan ver do⁴³ color da cera
 as caras dos tres dragos.
- Un santo cristo ben[d]ito⁴⁴
 225 metido entre eles ¡meu Dios!
 està como no calvario
 metidíño entre ladrós.
- Sobre un tapiz dua⁴⁵ mesa
 mais louro do que é o carbon⁴⁶
 230 hay procesos, e un tinteiro
 feito de corno de boy.
- As prumas son as mais
 negras,
 que o fero buitre criou,
 235 poisque non moran os cisnes
 donde fai tanto calor.
- Adonde xiren os ollos,
 non acham mais que terror;
 pois solo para aterrar
 240 a inventou a maldicion.
- Ali nunca o sol aluma,
 porque donde está à razon
 <4a> desterrada, o sol non entra
 nin a craida de Dios.
- 245 Con ela moran os deños,
 suposto na Inquisicion
 mora a pr[a]vedade⁴⁷,
 as meigas
 e tamen o inquisidor.
- 250 Nos seus libros de rexistro
 está escrita a perdicion
 e a infamia do que ali fore
 acusado dun traidor.
- O marido istá⁴⁸ na cama
 255 ca⁴⁹ muller que Dios lle dou,
 e o solteiro no seu leito
 alleo⁵⁰ dua traicion.
- E aló⁵¹ pola media nuite⁵²
 260 despois que ò galo cantou
 un gran vando de vixatos
 rodealle a habitacion.

42. IG *Duas*.43. IG *de*.44. Na 1ª ed., *benbit*; IG *bendito*.45. IG *dun-a*.46. IG *do que o carbon*.47. Na 1ª ed., *prevedade*.48. IG *está*.49. IG *coa*.50. *calleo* na 1ª ed.51. Borroso o acento de *aló* na 1ª ed.52. IG *noite*.

- Tocan a porta; e decindo:
 ¡o santo oficio!⁵³ o tembror
 entra na xente, que deixa
 265 franca a entrada e a posesion.
- Cando ven Dios, ven coa paz;
 coa falsedade e traicion
 o santo oficio: ¿e diremos
 que e santo e cousa de Dios?
- 270 Amin S.⁵⁴ Pedro me leve
 que nunca con mais valor
 frances matará que a un
 esbirro da inquisicion.
- Pois nin frances, nin xudio,
 275 nin o mesmo Napoleon,
 e capaz de dar o susto,
 que causa un inquisidor.
- Entra o alguacil larpeiro
 coa mascara de santón;
 280 e ao pobre que esta no leito
 fa[i]no⁵⁵ suar coa calore.
- Trae a venera por diante,
 mascara de devocion:
- mostralla, e o pobre inocente
 285 pensa que e cousa de Dios.
- Botalle logo a gadoupa
 como fai coa pomba o azór,
 <4b> perde a fala o cuitadiño
 e levano á inquisicion.
- 290 Padre, irmao, muller nin fillo
 desde que o corvo o levou,
 non volven⁵⁶ a saber de él
 nin si ista ruin, ou ista⁵⁷ bó.
- Vedelo, que xa o presentan
 295 en aquel sitio de horrorre
 donde lle tembran as carnes
 cò medo do asador.
- Logo os xueces sin nomarlle
 opicaro⁵⁸ que o acusou,
 300 nin descubrirille os testigos
 que ganar pudo un traidor.
- Collen na man un proceso
 e trabucando a expresion⁵⁹,
 fanlle cargos e preguntas
 305 sobre o que fixo e falou.

53. IG *¡O SANTO OFICIO!!*.54. IG *A min San.*55. Na 1ª ed., *falno*.56. IG *volben*.57. IG *está... está*.58. IG *o picaro*.59. IG *espresion*.

- O home volvese tolo;
perdese a imag[i]nacion⁶⁰;
e tense por gran milagro
descubrir ao⁶¹ acusador.
- 310 Con esta mascara infame
piden a decraracion,
como se ouvera xusticia
donde hay ingaño e traicion.
- Se⁶² nega, mais que a verdade
315 diga, sobre dun ponton
átano, e danlle tormentos
que decilos causa horror.
- Torcenlle os brazos, as pernas
e os dedos; e inda despois
320 metenlle entre uñas e carne
de cana aguda punzós.
- Se e muller queimanlle os peitos
e non contentos, despois
apricanlle un ferro ardendo
325 nas partes que Dios lle dou⁶³.
- (Non xuzguesdes que sea esta
faladuria e invencion;
- poisque o escribe Piñateli
nas suas institucións.)
- 330 Hasta tres veces lles daban
tormentos se⁶⁴ confesion
non facian do delito
<5a> que pudo ser ben traicion.
- Se⁶⁵ negan, morren; se⁶⁶ falan
335 non alcanzan o perdon
como os das mangas azules
digan: pertinaces son.
- ¿Eo⁶⁷ tribunal que esto fai
non se chamara millor
340 o tribunal de Pilatos
que non santa inquisicion?
- Ali faise neste mundo
baixo do nome de Dios,
o que fai Luzbel no inferno
345 donde non⁶⁸ hay redencion.
- Pero ainda non dixen todo,
falta decir o millor
que è que un santo obispo sea
da tortura expectador⁶⁹.

60. Na 1ª ed., *imaglnacion*, como na liña 283 *falno*; IG *imaxinacion*.

61. IG *a o*.

62. IG *Si*.

63. Quizais *doú*, con acento, na 1ª ed.; IG *dóu*.

64. IG *si*.

65. IG *Si*.

66. IG *si*.

67. IG *E o*.

68. IG *no*.

69. IG *espectador*.

350 Un obispo, que aunque queira,
non lle dan xurisdicion
para librar do tormento
ao que istá posto en question.

Da sentencia que eles deren
355 non se admite apelacion,
que a ninguen istá suxeto
o deño⁷⁰ do inquisidor.

Mascara fora: nubeiros
estas e outras muitas son
360 as virtudes dos señores
ministros da inquisicion.

As carnes tembran de oir
o que en tres sigros de error
fixeron na nosa España,
365 os da secta do tizon.

Santos obispos e homes
de virtú, e de opinion
foron presos e estiveron
expostos⁷¹ a ser carbon.

370 Digao o señor Talavera,
Avila, e o bon Palafox,
Carranza e outros preladados
dignos de veneracion.

O que de frades e cregos
375 calquera cousa falou,

fui cal porco chamuscado
no fogo da inquisicion.

<5b> O que do rey e dos seus
privados, como Godoy,
380 falou calquera verdade,
na inquisicion as pagou.

Os homes que abilidade
tiñan porque Dios lla dou,
por meigos ou por irexes
385 a inquisicion os queimou.

As vellas::: ¡miñas cuitadas!
se dixo alguen que as topou
con un cacho vello o⁷² lume,
facian de elas carbon.

390 Finxen que falan co Demo,
que en figura de cabron
ven a velas; e que van
de romaxe en procesion.

Suben pola⁷³ gramalleira,
395 e vóan, dándose a uncion
de certa badulacada
que tenebreiro fraguóu.

Contan que en Sevilla hay xunta
por san Xuan, e outras visios,
400 embelecocos e mentiras
que a inquisicion inventou.

70. IG *demo*.

71. IG *espostos*.

72. IG *a o*.

73. IG *po la*.

- Os feitizos é ua⁷⁴ viña
para os cregos: e así son
tantas as enfeitizadas
405 que un Deño⁷⁵ alá non quedou.
- As nenas, que non se casan
cando lles chega a sazón,
arden coas⁷⁶ ganas, e teñen
un certo retortixon.
- 410 Logo dicen que é feitizo;
e que ua⁷⁷ bruxa lles dou
o deño⁷⁸, que e solo espritu
en leite, torta ou rixòs.
- Ponlles a mau pola⁷⁹ igrésia
415 o crego, mais anque e bo⁸⁰,
no ten efecto a menciña,
cando o remedio e o varón.
- En tanto cos seus conxaros
de ovos, carneiros, lacòs,
420 enchen os cregos a casa,
de meigas a inquisición.
- Tamen dicen que hay mal de ollo
<6a> e que o remedio millor
- e un corno; farto cornudo
425 e o que sofre a inquisición.
- Esta cos seus feitos ten
na mais cativa opresión
os reinos, vilas e terras
de toda a nosa nación.
- 430 Deixou a España sin xente,
poisque⁸¹ de trinta millos
que tiña quedaron dez,
e logo quedarían dous.
- Por temor dela non viñan
435 a nosa terra os que son
nas outras sabios artistas,
e fan cousas de primor.
- Fui no tempo de [S]abela⁸²
que un tortilleiro a fundóu
440 para nosa escravitude,
perda e mingua da nación.
- A reina no na quería,
nin o seu bon confesor;
pero o Rei, a mais o frade
445 nas castillas⁸³ a fundou.

74. IG *un-a*.75. IG *Demo*.76. IG *co as*.77. IG *un-a*.78. IG *demo*.79. IG *man po la*.80. Quizais *bó*, con acento, na 1ª ed.; IG *bó*.81. IG *pois que*.82. Na 1ª ed., *sabela*; IG *Sabela*.83. IG *Castillas*.

- Mais que nunca aca viñera
o señor rei⁸⁴ de Aragon,
que a nosa reina Sabela
tiña millor⁸⁵ intencion.
- 450 Habia de vir agora
o frade coa⁸⁶ sua invencion
da heretica pravedade,
do secreto e dos tizos;
- 455 Que as vellas co o soscauiro⁸⁷,
e os homes cos⁸⁸ azadós
xa l[l]e⁸⁹ darian o pago
de fundar a inquisicion.
- 460 A igresia de Dios a todos
co o bautismo e a confesion
abre o ceo, o santo oficio⁹⁰
conduceos a perdicion.
- 465 Mascara fora: non é
Santo, nin xusto, nin bon;
e ua invencion⁹¹ dos reinantes
para oprimir a nacion.
- Os frades, e muitos cregos
predican a seu favor,
- <6b> pero por muito que digan
non creemos que e de Dios.
- 470 Nin pensen, que inganarán⁹²
as xentes na confesion,
chamandoa articro de fé,
e irexes a os homes bos.
- 475 Sabemos os mandamentos,
e sabemos ben, que Dios
quer, que se arrepinta e viva
o que e fraxil pecador.
- 480 E de fé, que Xesucristo
por salvar os homes dou
a vida, e que nada fixo
para nosa perdicion.
- 485 E de fé, que ha de xuzgarnos,
e que a os bos en galardón
a de dar o ceo, e a os outros
eterna condenacion.
- E de fé que, si chegamos
contritos á confesion
Dios nos perdona os pecados
por medio da absolucion.

84. IG *señor Rey*.85. IG *mellor*.86. IG *co a*.87. IG *co os soscauiros*.88. IG *co os*.89. Na 1ª ed., *le*; IG *lle*.90. IG *oficio*.91. IG *é invencion*.92. IG *inganarán*.

490 E de fê que Dios non quer
si non os bos corazós;
boas obras; mais non quer
hipocritas, nin ficciós.

Pero que Dios neste mundo
495 fundase ua⁹³ inquisicion
para queimar homes⁹⁴ vivos,
non e de fé; e un errore.

Eo⁹⁵ crego e o frade que o diga,
e mais irexe que foi
500 Arrio, Socino, Lutero
e Filipe Melanton.

As leis⁹⁶ inxustas e feras
que a tiranía inventou,
no nas queremos, nin menos
505 queremos a inquisicion.

O que non fore christiano,
como non more entre nos,
que more donde quixere;
mais matar, que o mate Dios.

510 Prediquen os nosos cregos
un Dios de bondade e amore,

e deanos⁹⁷ bon enxemplo⁹⁸,
<7a> que e o millor predicador.

Os frades sigan a regla
515 do [s]eu⁹⁹ Santo fundador,
e deixen a quen goberna
os estados e as nacios.

Na igresia de Xesucristo
debe haber sempre boa union,
520 e o que sembrare a discordia
e fillo da maldicion.

Sean pois os sacerdotes
exemprar de sumision
a as leyes, que en noso ben
525 dá o congreso de nacion.

Se asi o fan, ira ben todo,
pero de outro modo non;
pois no[n]¹⁰⁰ queremos que os cregos
traten mais que o que é de Dios.

530 Se¹⁰¹ non lles ouveran dado
riquezas, xurisdicion,
eles serian millores
e mais feliz a nacion.

93. IG *a*.

94. IG *omes*.

95. IG *E o*.

96. IG *leyes*.

97. IG *déannos*.

98. IG *exêmpo*.

99. Na 1ª ed., *eu*; IG *seu*.

100. Na 1ª ed., *nos*; IG *non*.

101. IG *Si*.

<p>535 Este poble orfo e valente a libertade ganou; non pode haber libertade en donde hay inquisicion.</p>	<p><7b> Eles¹⁰⁵ foron bos cristianos non habendo inquisicion, 560 tamen sin ela podemos ser christianos¹⁰⁶ e ser bos.</p>
<p>540 Tampouco pode decirse que se observa a lei¹⁰² de Dios donde non se fai xusticia con craridade e razon.</p>	<p>565 Mudouse o tempo, e fundouse aquela, e o que ganou a cristiandade fui solo perder o antigo esplendor.</p>
<p>545 Pagueas aquel que as fixere; mais sea coa condicion, que non morra un inocente a forza dua¹⁰³ traicion.</p>	<p>Ea pois fora, nubeiros¹⁰⁷, da igresia do redentor que non se queiman os homes como carne de castròn.</p>
<p>Non son verdugos dos homes os sacerdotes de Dios; nin menos son nosos Reyes para mandar sobre nos.</p>	<p>570 Idevos e non fagades¹⁰⁸ que a nosa moderacion dos males que tedes feitos vos pida satisfaccion¹⁰⁹.</p>
<p>550 Son pastores das ovellas, que [C]hristo¹⁰⁴ lles entregou, cuiden delas como deben, e deixense de cuestios.</p>	<p>575 Por vos à España perdida sin xente, forza e vigor foi presa dos seus tiranos e befa de outras naciós.</p>
<p>555 Mascara fora; e vivamos na creencia e relixion en que por mais de mil anos, viviron nosos abós.</p>	<p>580 Por vos deixaron a terra homes sabidos, que Dios nos dou, e puderan solos facen feliz a nacion.</p>

102. IG *ley*.103. IG *dun-a*.104. Na 1ª ed., *christo*; IG *Cristo*.105. IG *Elles*.106. IG *cristianos*.107. IG *Ea pois, fora nubeiros*.108. O lexema verbal é ilexible na 1ª ed.; IG *fagades*.109. IG *satisfaccion*.

- | | |
|---|--|
| <p>P[o]r¹¹⁰ mais de trecentos anos
con capa de devocion
perseguides as ciencias,
585 a libertade e a razon.</p> <p>Postos de acordo cos reyes,
non fui¹¹¹ non a relixion
o voso obxeto; foi solo
o despotismo e a opresion.</p> <p>590 Por vos nua cruda guerra
co perfido Napoleon
metidos, hemos chegado
a os bordes da perdicion.</p> <p>Vosoutros, cando¹¹² Madril
595 no mayo se leuantou¹¹³,
dixechedes ser rebelde
nua¹¹⁴ vosa exórtacion.</p> <p>¿E queriades a inda
inganar¹¹⁵ mais a nacion?
600 mascara fora, embusteiros,
a o monte a facer carbon.</p> | <p>Nomade, nomade cregos
<8a> por Diputados, que nos
vos faremos conocer
605 cal¹¹⁶ e a vosa obrigacion.</p> <p>Vosoutros mesmos trazades,
querendo xurisdicion
sobre o poblo, que vos fagan¹¹⁷
vivir con conta e razon.</p> <p>610 Podedes estar seguros
que no hay no poblo español
un home solo que queira
ter a os cregos¹¹⁸ por mandós¹¹⁹.</p> <p>Na igresia vos escuitamos,
615 mais fora da igresia non,
pois¹²⁰ as causas de este mundo
<8b> non son feitas para vos.</p> <p>Poisque sin mascara estades,
e vos conoce a nacion
620 podedes mudar oficio¹²¹
ou irvos lexos de nos.</p> |
|---|--|

110. Na 1ª ed., *Par*; IG *Por*.111. IG *foi*.112. IG *cuando*.113. IG *levantou*.114. IG *nun-a..*115. IG *engañar*.116. IG *cual*.117. IG *e que vos fagan*.118. IG *ter os cregos*.119. Moi borroso o acento de *mandós* na 1ª ed.; IG *mandós*.120. IG *porque*.121. IG *oficio*.

<p>Porque si vos porfiades¹²² tostadores, asado[r]¹²³, casa, potros e rexistros 625 e canto nela encerrou</p>	<p>a perfidia sera logo do fogo con que queimou os homes, cinza; pois xà¹²⁴ o voso imperio acabou.¹²⁵</p>
---	---


122. IG *Non porfiedes; poisque.*

123. Na 1ª ed., *asadon*; IG *asador.*


124. IG *xiá.*

125. A partir de aquí, entre as páxinas 37 e 43, insírese en IG a seguinte nota: “<37> NOTA. El autor de este romance, que mereció general aprobacion en todas partes, al mismo tiempo que fulminaba contra él anathemas la Inquisicion, puede jactarse de que no contiene espresion, ni aserto que ofenda la pureza de la Religion, ni ataca el dogma, sino los abusos, y la execrable ecsistencia de un tribunal que deshonoraba la España. En prueba de esto, se copia aqui la opinion de un respetable eclesiástico, muy conocido en la Eu-<38>ropa. Dice, pues, en una de las notas á la historia de España, lo siguiente.


‘El Tribunal de la Inquisicion, llamado de la fé, está tan claramente en contradiccion con el espíritu de mansedumbre del Evangelio, con el sagrado testo de la Escritura, la doctrina de los Santos Padres, usos y conducta de los primeros siglos de la Iglesia, que se puede afirmar, que no se profesa ni se sigue la religion de caridad de Jesucristo en los reinos en que ecsiste este bárbaro tribunal. Léanse los capitulos 10 de S. Mateo: 6 de S. Marcos: y 9 de S. Lucas. En estos se hallará, que reserva Dios para el juicio final, y á su juzgado, los delitos de opiniones religiosas, y consta esto <39> mas claramente del cap. 13 de S. Mateo. En el cap. 18 nos enseña el Redentor como se han de tratar con dulzura y amor las ovejas extraviadas; y como debemos reciprocamente advertirnos nuestras faltas, primero de denunciar los malos a la Iglesia; igualmente manda, que ésta antes de separarlos de su grémio, los escorte, y no que los entregue á la cuchilla y al fuego, como hace la Inquisicion; y así, como las tinieblas a la luz, está en oposicion la Inquisicion con el Evangelio. Si se léen los capítulos 10, 13 y 16 de S. Lucas; las cartas de S. Pablo a Tito, a los Galatas, á los Tesalonicenses: la carta Católica de S. Judas: la primera de S. Pedro, cap. 5, los autos de los <40> Apóstoles: las cartas de S. Ignacio, Patriarca de Alejandría: Tertuliano Lactancio: S. Ilario, Obispo de Potiers: S. Ambrosio: S. Juan Crisóstomo: S. Jerónimo: S. Agustin: S. Gregorio Nacianceno: y otros respetables Padres, veráse, que todos ellos enseñan, que la fe no se ha de propagar, mantener, ni conservar con la sangre y con el rigor, sino con la escortacion; la suavidad y con el buen egemplo; y en una palabra con la caridad, que es la base de nuestra Religion, y la divisa de los verdaderos cristianos. En los primeros siglos, y hasta el tiempo, en que los Papas fueron Señores temporales, ni los Pontífices ni los Concilios condenaron á pena capital á los incrédulos <41> y hereges. El primero que fulminó contra ellos la sentencia de muerte fué Teodósio, Emperador, por un acto de arbitrariedad; pues en ninguno de los primeros Concilios generales celebrados contra los errores de Arrio, Nestorio, Euthiches y Sabelio, contra ninguno de estos se promulgó sentencia, ni en los Concilios posteriores, hasta el de Costanza, que condenó á Juan Hus, Gerónimo de Praga y Wiclof. Desde entonces separándose la Iglesia del espíritu de lenidad y mansedumbre del Evangelio, comenzó á egercer una jurisdiccion enteramente opuesta á la conducta de los Apóstoles y sus sucesores; con tanta crueldad y esceso, que se puede afirmar, que <42> calculado el número de las víctimas sacrificadas por la intolerancia, tomando en cuenta la S. Barthelemi, las Dragonadas, la persecucion de los Albigenses y los que entregó á las llamas la Inquisicion, que escede el número de estas víctimas al de los fieles que en todas las persecuciones sacrificaron los Emperadores de Roma; pues solo en España por un cálculo aprocsimativo resulta, que desde su establecimiento sentenció y condenó la Inquisicion TRESCIENTAS CUARENTA Y UN MIL Y VEINTE Y UNA PERSONAS!! Por ser demasiado conocido el testo de las citas que hace, y demasiado limitado este papel, no se copian aqui. El que quisiere verlas hallará las mas de ellas en la <43> historia de la Inquisicion, publicada en Paris por D. J. A. L. Secretario de la Suprema, á que se remite el que pone esta nota”.



[M. Pardo de Andrade] (1813): *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrirelles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*. Coruña: á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. En la caja tipográfica del Diario.



[M. Pardo de Andrade] (1841): *Rogos de un escolar gallego a Virxê do Bo Acerto para que libbe a terra da Inquisición*. Reimpresos en La Coruña: Imprenta de Iguereta.



[M. Pardo de Andrade] (1841): *Rogos de un escolar gallego a Virxê do Bo Acerto para que libre a terra da Inquisición*. Reimpresos en La Coruña: Imprenta de Iguereta.